

PROXECTO LINGÜÍSTICO



CEIP Francisco Vales Villamarín

Carregal, 4 (15300) BETANZOS

ceip.vales.villamarin@edu.xunta.es

Teléfono: 881880237 – Fax:881880240



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CONTIDO

LIMIAR	3
MARCO LEGAL:	3
CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO:.....	4
Localización do centro	4
Situación sociolingüística:	5
OBXECTIVOS:	6
ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	7
RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS:	9
Recursos humanos:.....	9
Recursos materiais:.....	10
ASPECTOS METODOLÓXICOS NO TRATAMENTO DAS DISTINTAS LINGUAS:.....	10
LINGUAS EMPREGADAS NAS ÁREAS DO CURRÍCULO	12
LINGUAS EMPREGADAS NAS PROGRAMACIÓNS DO CENTRO	14
MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO CON NULO OU INSUFICIENTE COÑECEMENTO DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN	14
AVALIACIÓN.....	17

LIMIAR

As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade.

O *Estatuto de autonomía de Galicia*, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que o idioma galego é un dos idiomas oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelo e usalo.

A *Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística*, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega ao ensino, favorecendo un cambio de tendencia na súa consideración social e na incorporación do idioma a novas esferas da vida social. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencias lingüística nos dous idiomas oficiais. Nesta mesma liña tamén se pronuncian a *Carta europea de linguas rexionais e minoritarias* en 2001, e o *Plan xeral de normalización da lingua galega*, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004.

Coa finalidade de conseguir estes fins, o *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* establece no seu artigo 14 que cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares.

Seguindo esta directriz, máis as establecidas na *Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010*, procedemos a realizar a revisión e modificación, de ser o caso, do Proxecto Lingüístico do CEIP Francisco Vales Villamarín para os próximos catro anos.

MARCO LEGAL:

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO:

Localización do centro

O CEIP Francisco Vales Villamarín é un centro de titularidade pública que está situado en Betanzos (A Coruña) e que escolariza a 982 nenas e nenos de Betanzos, Coirós e Paderne, que están distribuídos en 12 unidades de Educación Infantil e 31 de Educación primaria cunha ratio próxima a 23 alumnos e alumnas por aula.

O alumnado procede maioritariamente do centro urbano de Betanzos e pertence a todos os ámbitos sociais posto que é o único centro público de Educación Primaria do Concello. O alumnado procedente de Coirós e de Paderne incorpórase ao centro en Educación Primaria, xa que nos seus Concellos dispoñen de escolas de infantil.

O espazo físico está distribuído en tres edificios. Un deles, o aulario de Educación Infantil, está situado a uns 500 m do edificio principal.

O Claustro está formado por 69 docentes. Tamén traballan no centro dúas persoas conserxes, unha administrativa, tres coidadoras, así como persoal de limpeza e auxiliares de comedor. O centro ten 11 liñas de autobuses coas súas respectivas coidadoras/es e condutores/as. Así mesmo, o centro conta cunha ANPA que colabora activamente coa actividade escolar do centro.

Os datos referenciais do centro son os seguintes:

- Denominación: CEIP Francisco Vales Villamarín.
- Enderezo: Carregal, 4 (15300) Betanzos (A Coruña)

PROXECTO LINGÜÍTICO

- Teléfono: 881880237
- Fax: 881880240
- Código de centro: 150011124
- Correo electrónico: ceip.vales.villamarin@edu.xunta.es
- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/>

Situación sociolingüística:

Ao igual que no resto dos centros urbanos da comarca, o idioma predominante é o castelán, tanto nas relacións familiares como nas sociais.

O alumnado, na súa maioría, emprega como lingua vehicular a lingua castelá. En moitos casos existe un comportamento diglósico á hora de dirixirse ao alumnado por parte das familias. Tamén se da o caso, en menor medida, de alumnado que chega á escola expresándose en lingua galega, e en pouco tempo pasa a empregar a lingua castelá nas relacións diarias co outro alumnado e co profesorado. Aínda así, o nivel de competencia nos aspectos de lectura e comprensión é alto, na escrita é medio, e aprécianse as maiores dificultades na expresión oral e no emprego espontáneo da lingua.

Tendo en conta a observación directa destes aspectos e o resultado da enquisa ás familias cando se matriculan en 4º de Educación Infantil, vense a corroborar que a lingua predominante que emprega o alumnado é a lingua castelá.

LINGUA MATERNA	NÚMERO DE FAMILIAS
Lingua Galega	16
Lingua Castelá	49
Lingua Galega/Lingua Castelá	13

Con todo, se analizamos estes datos en comparación cos datos extraídos na última modificación do Proxecto Lingüístico podemos observar que o número de alumnado que chega a escola empregado como lingua materna o galego, aumentou nun 6,25%, así como tamén aumentou nun 8,34% o número de alumnado procedente de familias con ambientes bilingües. Pola contra, o número

de alumnado que procede de ambientes nos que a lingua materna é o castelán diminuíu un 14,56%.

Así mesmo, podemos observar que no contorno máis próximo (o comedor, o transporte, as actividades extraescolares,...) a Lingua Castelá é a predominante. Igualmente é esta a lingua habitual nas actividades que se ofertan fóra do centro educativo.

En relación ao profesorado, o seu nivel de competencia en Lingua Galega é alto. No seu uso habitual, dáse un reparto bastante equilibrado entre as dúas linguas aínda que en ocasións déixanse levar polo feito de que o alumnado se dirixe a eles/elas en lingua castelá.

OBXECTIVOS:

Tendo en conta o expresado anteriormente, o obxectivo principal deste **Proxecto Lingüístico** irá encamiñado a lograr que o alumnado aprecie a utilidade da lingua galega, a use habitualmente na vida cotiá e valore positivamente o bilingüismo propio na nosa comunidade. Para acadar este obxectivo central, establécense, a continuación, 10 obxectivos específicos:

- 1.1. Potenciar o uso da lingua galega tanto a nivel oral como escrito en todas as actividades do Centro.
- 1.2. Fomentar a adquisición de actitudes positivas cara á lingua galega entre os membros da comunidade educativa, garantindo a coexistencia harmónica entre todas as linguas.
- 1.3. Fomentar e facilitar a integración sociolingüística e escolar do alumnado con nulo ou insuficiente dominio en calquera das linguas (galego, castelá e inglés).
- 1.4. Mellorar a competencia lingüística entre alumnado, profesorado e persoal non docente nas distintas linguas que se imparten.
- 1.5. Manter e promover relacións co Concello, ANPA, asociacións culturais, centros de ensino adscritos, así como con outros Equipos de Dinamización de Lingua Galega para un maior desenvolvemento dos obxectivos.
- 1.6. O Departamento de Dinamización colaborará coa biblioteca:

PROXECTO LINGÜÍTICO

- Facilitando a asistencia ó colexio de ilustradores, escritores, contacos, grupos teatrais e de música tradicional ... que promovan as linguas, en especial a lingua e a cultura galegas.
 - Garantindo una oferta de materiais didácticos de calidade utilizando soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe e que axuden a coñecer e desenvolverse mellor nas distintas linguas.
- 1.7. O Departamento de Dinamización colaborará cos distintos departamentos e equipos do centro:
- Promovendo o uso do galego nos diferentes proxectos que se están a desenvolver.
 - Fomentando o uso da lingua galega nas distintas actividades de convivencia do centro.
- 1.8. Fomentar o uso das TIC empregando o galego, o castelán e o inglés.
- 1.9. Facilitar o coñecemento da contorna:
- Promovendo as festas tradicionais.
 - Realizando visitas didácticas a diferentes lugares de interese.
- 1.10. Elaborar un Proxecto de Fomento do uso do galego anualmente para promover diferentes actividades no centro.

ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Para o deseño e a programación das actividades de dinamización que se concretarán cada curso no Proxecto de Fomento do uso do galego, deberá partirse dos seguintes principios:

- Para conseguir que o noso alumnado empregue a lingua galega con soltura debemos establecer actuacións continuadas e sistemáticas, xa que de pouco serven as actividades puntuais. Fomentaremos que a lingua galega sexa a lingua que se emprega na maioría das actividades complementarias e na comunicación dentro do colexio.
- Deberemos reforzar a consideración da lingua galega como lingua apropiada para a comunicación na vida diaria, en todas as materias, para que a valoren

PROXECTO LINGÜÍTICO

como válida para o presente e tamén para o futuro e non a enmarquen simplemente coma un elemento de folclore e do pasado.

- O profesorado transmite ensinanzas coa súa propia actitude (ensinamos co exemplo), polo que nas reunións insistirase na conveniencia de utilizar maioritariamente a lingua galega para comunicarse co alumnado en situacións fóra das estritamente curriculares.
- As actividades propostas serán coordinadas cos diversos equipos do centro. O EDLG facilitará e promoverá o emprego maioritario do galego nas diversas actividades comúns que se organicen no centro.

A continuación detállanse as actividades tipo entorno as que se debe concretar cada curso escolar no Proxecto de Fomento de Uso do Galego.

É importante que as actividades programadas promovan o uso da lingua galega, desactiven os prexuízos sobre a lingua e fomenten a participación activa tanto do alumnado como do profesorado.

Para iso, ademais das actividades específicas que se propoñan en cada nivel, o equipo de Dinamización da Lingua Galega elaborará cada curso escolar un Proxecto de Fomento do galego onde concrete actividades específicas para

ACTIVIDADES DE EXPRESIÓN ORAL

- Organizar charlas/exposicións con personaxes públicos que se expresen en galego.
- Organizar actividades de expresión oral para goce do alumnado: contos, teatro, recitais, concertos...
- Organizar actividades orais onde o alumnado sexa o protagonista: recitais, cancións, trabalinguas, ...

ACTIVIDADES DE EXPRESIÓN ESCRITA

- Organizar talleres de creación de textos: narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos, literarios...
- Organizar actividades nas que o alumnado empregue a lingua escrita para a produción final do seu traballo.
- Organizar actividades entorno a lectura como fonte de placer.

ACTIVIDADES PARA FOMENTAR A CULTURA GALEGA

- Celebración de diferentes festas tradicionais na nosa terra: vendima, Samaín, Nadal, Entroido...
- Celebración da homenaxe a Rosalía de Castro.
- Celebración da Semana das Letras Galegas.

ACTIVIDADES PARA VALORAR A LINGUA GALEGA

- Publicidade dos traballos realizados nos diferentes recunchos do centro e a través do blog do EDLG.
- Presentar recomendacións lectoras e de actividades en galego para a comunidade educativa.

Á hora de programar as actividades de cada curso, potenciarase a colaboración entre todos os equipos dos centro educativo, así como a colaboración co Servizo de Dinamización de Lingua Galega do Concello, coas diferentes asociacións culturais dos Concellos de onde provén o noso alumnado e cos centros educativos máis próximos á nosa contorna, fomentando o intercambio de actividades e experiencias.

Daráselle difusión a todas as actividades realizadas a través do blog do EDLG ao que se terá acceso dende a páxina web do centro.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS:

Recursos humanos:

- O profesorado do centro.
- O alumnado do centro e ás súas familias.
- A ANPA.
- A Concellería de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Betanzos.
- A Dirección Xeral de Política Lingüística.

- Outros centros educativos da zona.

Recursos materiais:

- Biblioteca escolar con material variado.
- Biblioteca de aula con material variado.
- Sala de usos múltiples.
- Recuncho Fedelleiro.
- Sala de Xogos.
- Aula de Informática.
- Sistema de megafonía.
- Aulas con ordenador e proxectores.
- Fotocopiadora, plastificadora e encuadernadora.
- Taboleiros de anuncios.
- Material achegado polas distintas institución sobre dinamización e normalización da lingua e cultura galega.
- Material funxible.

ASPECTOS METODOLÓXICOS NO TRATAMENTO DAS DISTINTAS LINGUAS:

Ningunha materia, en ningunha etapa nin en ningún nivel, é allea ao uso da lingua para o ensino e aprendizaxe. A linguaxe permite a interacción e a construción do coñecemento na aula, ademais de ser un motor de organización do pensamento (Jorba, Gómez e Prat 2000).

Por iso, pódese atender o aspecto comunicativo que as distintas áreas aportan ao alumnado. Esta atención impón ao proceso de ensino unha necesaria conciencia lingüística que se vive de xeito diferente nas “áreas lingüísticas” e as “áreas non-lingüísticas”.

As áreas lingüísticas teñen entre as súas metas o traballo cos textos académicos das áreas non-lingüísticas; as áreas non-lingüísticas son, á súa vez, poderosas

ferramentas para o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, ampliando o acceso a distintos ámbitos e dominios do coñecemento. A lingua castelá é a primeira lingua na que acollemos ao alumnado neste centro, segundo os resultados das enquisas presentadas ao comezo de Infantil. A súa lingua nai nesta etapa e a que seguirán practicando no resto do seu proceso escolar, será a primeira ferramenta de comunicación e coñecemento e, polo tanto, deberá ser traballada e valorada en cada nivel do ensino.

A lingua galega, primeira descoñecida no noso contorno, deberá contar con medidas especiais de tratamento para conseguir o coñecemento, o uso normalizado e o prestixio que lle poida ser negado fóra do contexto educativo.

Ademais, o proceso de integración das linguas e os contidos non se limita ao ensino das linguas de escolarización como lingua vehicular, senón tamén ao uso de linguas adicionais para o ensino de contidos curriculares. Pensamos que o uso das linguas estranxeiras no currículo para o ensino das restantes áreas curriculares. Esta modalidade de ensino integrado permite tanto un maior desenvolvemento da competencia comunicativa no idioma estranxeiro coma uns mellores resultados na aprendizaxe dos contidos curriculares doutras materias. Nesta liña, o noso centro está a desenvolver unha sección bilingüe e o seu modelo de aprendizaxe CLIL (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas Estranxeiras) orixinou que se impartan algunhas clases nunha lingua estranxeira ou adicional.

Falar de integrar linguas “a través” dos contidos curriculares é falar non só de linguas e de plurilingüismo, senón de atención á grande diversidade de alumnado e mesmo de profesorado existente no noso centro educativo. É tamén falar de interculturalidade, de contidos, de integración das aprendizaxes, do traballo por competencias, de TIC, de formación do profesorado, de elaboración de materiais e de resultados acadados.

Ao planificar o desenvolvemento dun plan, como é o das seccións bilingües, non podemos facelo pensando exclusivamente e de xeito illado nos obxectivos a acadar en termos de linguas estranxeiras, senón que debemos considerar e pretender que as aprendizaxes se estendan ás restantes linguas e mesmo ás diferentes áreas non lingüísticas que cursa o alumnado. Xa que logo, é fundamental conseguir un avance positivo tamén nestas áreas.

A dinamización lingüística consiste no desenvolvemento dun conxunto estruturado de actividades que ten como obxectivo crear as condicións que aseguren a posta en marcha e máis o funcionamento da planificación lingüística educativa.

Esta dinamización é imprescindible en todos os contextos, pero moito máis en contornos castelán falantes coma o noso, nos que o reto maior que debemos afrontar que o alumnado adquira unha boa competencia na lingua galega, con especial atención á oralidade, e que non teña prexuízos para a súa utilización. O Plan Lector do centro, o PDI e as actividades propostas pola biblioteca forman unha parte importante para o noso Proxecto Lingüístico, un eixo vertebrador que, a través da lectura, chega aos distintos departamentos, equipos, aulas, profesores e alumnos, convidándonos a participar dunha maneira ou doutra nesta meta.

LINGUAS EMPREGADAS NAS ÁREAS DO CURRÍCULO

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo establécense as linguas que se impartirán dende o segundo ciclo de Infantil ata o fin de Primaria, así como a súa distribución equilibrada para a consecución do dominio de cada unha delas por parte do alumnado, sempre tendo en conta a atención individualizada deste.

Segundo o cuestionario que cumprimentaron as familias do alumnado nos últimos anos, a lingua predominante é o castelá. A segunda lingua, o galego, será introducida paulatinamente con diferentes actividades propostas polo Departamento de Dinamización Lingüística. No noso centro debido á aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o reparto horario das distintas materias queda reflectido no seguinte cadro:

PROXECTO LINGÜÍTICO

ÁREAS	CURSOS						
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Lingua Galega e Literatura	4	4	4	4	4	3	
Lingua Castelá e Literatura	4	4	4	4	4	3	
Matemáticas	5	5	4	4	5	5	
Ciencias Sociais	3	2	3	2	2	3	
Ciencias da Natureza	2	2	2	2	2	2	
Lingua Estranxeira	2	2	3	3	3	3	
Educación Artística: Plástica	1	1	1	1	1	0'5	0'5
Educación Artística: Música	1	1	1	1	1	1	
Eduacción Física	2	2	2	2	2	2	
Relixión/Valores	1	2	1	1	1	1	
Libre Configuración	0	0	0	1*	0	1*	

DISTRIBUCIÓN HORARIA	1º	2º	3º	4º	5º	6º	SESIÓNS SEMANAIS
Lingua Galega	12	11	11	11*	11	11*	67*
Lingua Castelá	11	12	11	11	11	10'5	66'5
Inglés	2	2	3	3	3	3'5	16'5

CÓDIGO DE CORES	
Lingua Galega	
Lingua Castelá	
Inglés	

* Se a materia de Libre Configuración está relacionada directamente con algunha das áreas instrumentais, impartirase no mesmo idioma que dita área instrumental. Se non ten vinculación directa cunha área instrumental, impartirase en Lingua Galega.

LINGUAS EMPREGADAS NAS PROGRAMACIÓNS DO CENTRO

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua, redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO CON NULO OU INSUFICIENTE COÑECEMENTO DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN

O centro dispón das medidas de carácter organizativo e curricular que é preciso desenvolver no caso de escolarizar alumnado que presenta un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

O primeiro chanzo na detección de necesidades é o profesorado titor, que a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance ou, se fora preciso, recorrerá ao Departamento de Orientación, que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na Orde do 31 de outubro de 1996.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades, organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte do profesorado como das persoas especialistas en Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe se fora preciso.

Contando cunha porcentaxe de alumnado procedente doutras comunidades autónomas e que non contan co dominio da lingua galega suficiente ao comezo da súa escolarización na nosa comunidade, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, fai compatible o carácter obrigatorio do estudo da materia de Lingua Galega en todos os niveis educativos non universitarios con determinadas causas taxadas que xustifican o réxime das exencións posibles, segundo a regulación prevista nos artigos 18 e 19 daquela norma, que se caracterizan pola concorrencia dos seguintes requisitos:

- a) Que a xustificación da exención atope fundamento nunha circunstancia obxectiva de incorporación *ex novo* ao sistema educativo de Galicia
- b) Que o alumnado de nova incorporación proceda doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro.
- c) Que a incorporación *ex novo* ao sistema educativo de Galicia se produza no terceiro ciclo de educación primaria, na educación secundaria ou no bacharelato.

A chegada de poboación de orixe estranxeiro ao noso centro, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está a incidir de xeito notable na evolución da diversidade na nosa poboación escolar.

O Plan de Atención á diversidade do centro recolle no punto 4.2 de Medidas extraordinarias que se contará cun grupo de adquisición de linguas. Segundo o artigo 8 da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro (DOG, 26/02/04), “Os grupos de adquisición das linguas son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado”.

A referida Orde sinala tamén en relación a esta medida que:

PROXECTO LINGÜÍTICO

- Está dirixida ao alumnado que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galicia.
- O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre. A inspección poderá autorizar a ampliación excepcional dese período.
- O alumno ou alumna incorporárase ao seu grupo no momento en que o equipo de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao descoñecemento das linguas.
- Poderán desenvolverse en primaria e, excepcionalmente, no último nivel de infantil.
- O alumnado que forme parte destes grupos deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que estea escolarizado no mesmo nivel.
- O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición de linguas será de 5 períodos lectivos no último curso de educación infantil, 10 nos dous primeiros niveis de educación primaria e 20 no resto de niveis de educación primaria, reducíndoos progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua.
- Permanecerá co seu grupo ordinario en educación física e educación artística. No último curso de infantil e nos dous primeiros niveis de primaria levaranse a cabo na aula ordinaria actividades de apoio á aprendizaxe da lingua.
- O profesorado titor/a deste alumnado será ao que lle corresponda, pola súa pertenza a un grupo ordinario, encargarse da coordinación do equipo docente, asesorado, se é o caso, pola xefatura do Departamento de Orientación.
- A avaliación continua servirá de referente para a toma de decisións sobre o horario de permanencia nos grupos ordinario e de adquisición das linguas.
- A familia do alumnado estranxeiro será informada sobre o seu progreso na aprendizaxe específica de tipo lingüístico, así como no relativo á súa integración na vida do centro

Ademais do recollido na normativa, establécese en relación a estes grupos o seguinte:

PROXECTO LINGÜÍTICO

- A Xefatura de Estudos, que contará co asesoramento do servizo de orientación, será a responsable de coordinar a labor de acollida e valoración deste alumnado.
- A Xefatura do Departamento de Orientación elevará á Xefatura de Estudos a proposta do alumnado que formará parte do grupo de adquisición das linguas.
- Poderá ser adscrito a este grupo calquera mestre ou mestra do centro con dispoñibilidade horaria.
- A solicitude para a constitución do grupo de adquisición de linguas será cursada pola Dirección á Inspección Educativa acompañada da seguinte documentación:
 - o Relación de alumnado do grupo.
 - o Informe da Xefatura do Departamento de Orientación.
 - o Informe do profesorado titor do alumnado.
 - o Organización e programación da intervención educativa.
 - o Relación de profesorado que desenvolverá a intervención educativa.
 - o Constancia da información ás familias do alumnado.
- O profesorado titor elevará á Xefatura de Estudos proposta de calquera modificación do horario do alumnado así como de incorporación total ao grupo ordinario.
- O profesorado do grupo de adquisición das linguas participará na avaliación deste alumnado, que se realizará conforme ao establecido con carácter xeral. Elaborará un informe trimestral individualizado coincidindo coa data da avaliación ordinaria que se entregará ás familias e un informe final individualizado cando o alumnado se incorpore a tempo completo ao grupo de referencia.

AVALIACIÓN

A avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro, segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, realizaraa o Consello Escolar (art. 14º).

PROXECTO LINGÜÍTICO

Previamente, será valorado pola Comisión de Coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de profesores para o seu debate.

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao Servizo de Inspección Educativa. Anualmente, elaborárase unha addenda do Proxecto Lingüístico na cal conste:

- Os resultados en Educación Infantil, de pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e a información que se vai desenvolver no seguinte curso.
- Se é o caso de que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) extranxeira(s), informarase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

O presente Proxecto Lingüístico foi informado favorablemente e aprobado por unanimidade polo Consello Escolar o día